

**CIENCIAS SOCIAIS**

EQUIPO DOCENTE DO 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

**Materiais PLAN**

- Libro dixital EVA-Edixgal.
- Aula virtual Edixgal.
- Google Workspace.
- Outros materiais de traballo e reforzo impresos e informáticos.

**Plan de traballo**

Os contidos están repartidos en nove unidades didácticas e tarefas integradas. Trabállanse a partir de textos de distinto tipo. O mestre explicará os contidos a traballar de maneira oral, con vídeos, diapositivas ou material fotocopiable. Trala explicación e comprensión dos contidos por parte do alumnado realizaranse as tarefas prácticas que o mestre considere oportunas.

As distintas tarefas que levarán a cabo os alumnos na aula serán de carácter individual, parellas ou pequenos grupos e poden ser realizadas de maneira oral, escrita ou dixitalmente.

As actividades e exercicios que non dea tempo a rematar na aula levaranse para casa, así como algún material de reforzo mediante fichas ou enlaces web.

CONTIDOS POR TRIMESTRES		
PRIMEIRO TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCEIRO TRIMESTRE
<b>Cada unidade didáctica comeza cun texto introductorio</b>		
<b>O MUNDO QUE NOS RODEA</b> Orientación e escala Mapas: físicos e políticos Mapas temáticos	<b>O HOME E A TERRA</b> Recursos naturais e o seu uso Contaminación e desenvolvemento sostible Cambio climático e as súas consecuencias	<b>HISTORIA:</b> DESCUBRIDO A HISTORIA: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fontes da historia</li> <li>• Tempo histórico</li> <li>• Etapas da historia</li> </ul> <b>IDADE CONTEMPORÁNEA:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• España no século XIX</li> <li>• Século XX. Actualidade</li> <li>• Galicia na idade contemporánea</li> </ul> <b>PATRIMONIO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diversidade patrimonial</li> <li>• Patrimonio natural</li> <li>• Patrimonio da Humanidade</li> </ul>
<b>CLIMA E PAISAXE</b> Temperaturas Precipitacións Representación do clima A paisaxe. Clasificación e tipos Climas do mundo Clima e paisaxe Europeo e de España	<b>A XENTE DO PLANETA TERRA</b> Poboación Movementos migratorioos Evolución da poboación en Europa, España e Galicia	
<b>ORGANIZACIÓN POLÍTICA E TERRITORIAL</b> Europa: Unión europea Sistema de goberno en España Organización territorial e diversidade cultural Galicia e a súa organización política	<b>ECONOMÍA</b> Importancia da economía O traballo A publicidade e a súa influencia	

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN**

Son os establecidos polo centro e recollidos na aplicación PROENS onde se reflicte a Programación didáctica da materia.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliação empregados serán diversos, coa finalidade de proporcionar a mellor información posible sobre os coñecementos acadados polo alumnado.

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Escala de observación

Rexistro anecdótico persoal

Análise das producións do alumnado: monografías, resumos, traballos de aplicación e síntese, cadernos de clase, textos escritos...

Intercambios orais co alumnado: diálogo, entrevista, postas en común, assemblea...

Probas específicas: exames, abertas, exposición dun tema, resolución de exercicios...

Autoavaliación

Coavalización

CEIP de TARRIÓN  
CULLEREDO